



INFORMA

**SINATURA ACORDO CONVENIO SANIDADE PRIVADA
PROVINCIA DA CORUÑA 2004-05.**

As centrais sindicais UGT, CIG e CCOO e os delegados de persoal e Comités de Empresa das empresas afectadas polo Convenio Provincial da Sanidade Privada de A Coruña, ven de remata-la sinatura dun acordo de convenio nos seguintes termos:

1º.- Que o 5 de maio, coa mediación da Dirección Xeral de Relacións Laborais, asinouse un Acordo para a solución do conflito derivado da negociación do Convenio Colectivo da Sanidade Privada de A Coruña.

Os termos do Acordo son: para o ano 2004 un incremento salarial do 4%; para o ano 2005 o incremento é do IPC real máis 1,25%.

Así mesmo, acórdase iniciar as negociacións do Convenio Colectivo do 2006 o próximo 18 de maio ás 17:00 horas, baixo a convocatoria de novo da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

2º.- Despois de 2 anos de negociación chegamos a un acordo capaz de resolver e dar solución ao deterioro salarial e perda do poder adquisitivo dos salarios dos traballadores da Sanidade Privada.

Dende a C.I.G. queremos resaltar que os obstáculos e intransixencia empresarial, causante desta longa negociación, finalmente fomos quen de vencela, sendo capaces de chegar a un acordo satisfactorio ás demandas dos traballadores e traballadoras deste sector. Sendo conscientes de que a única forma de afrontar unha negociación destas características é buscando o apoio e participación de tódolos traballadores e traballadoras para que sirva de acicate para modificar dunha vez por todas as posturas intransixentes da patronal, polo que entendemos que a sinatura deste convenio servirá de punto de inflexión de cara a afrontar outros acordos pola involucración que os delegados e delegadas fixeron na negociación co apoio de todos e todas.

